



Manuel María

3º e 4º de Primaria

Día das letras galegas 2016





Eu son de Outeiro de Rei,
viliña da Terra Chá,
onde aprendín a vivir
e a soñar con libertá.

Nós sempre fomos galegos
sinxelos e verdadeiros,
soñadores, trotamundos,
editores e libeiros...

Teño dous grandes amigos
de trato noble e sinxelo:
o caudaloso Pai Miño
e o regato de Cepelo...!

Profesión...¡procurador!
Ando a exercer coma tal
pro sempre usei dese oficio
dun xeito limpo e cabal.


Vivín en Lugo algúns anos,
consegúin ser bacharel
e gastei a adolescencia
en troulear e escribir.

Hai quen di que son autor
prolífico e incontinente.
¡Ben o sinto! ¡E teño mágoa
de non ser máis competente!

En Lugo atopei, pra sempre,
o meu amor, que é Saleta:
¡comigo a vida non puido
ser máis xentil e perfecta!

E aquí sigo: ledó, ufano,
satisfeito de estar vivo.
Mentras o tempo me gasta:
¡paseo, leo e escribo...!

Casamos. Quixo o destino
-ou cecáis a nosa sorte-
que levemos moitos anos
con residencia en Monforte.



Manuel María:
«Os soños na gaiola»

1.- Onde naceu Manuel María?

2.- Que dous amigos ten?

3.- Onde atopou ao seu amor? Como se chama?

4.- Onde foi vivir despois de casar con Saleta?

5.- Que profesión tivo Manuel María?

6.- De que xeito usou ese oficio?

7.- De que ten mágoa?

8.- Que tres cousas fai mentres o tempo o vai gastando?

9.- Que catro lugares aparecen na biografía?

3º E 4º DE PRIMARIA



EU SON DE OUTEIRO DE REI

10.- Atopa na sopa de letras os adxectivos que aparecen no poema.

NOBRE
SINXELOS
CAUDALOSO
XENTIL
TROTAMUNDOS
LIMPO
CABAL
VERDADEIRO

N V E R D A D E I R O
O R C L Ñ M D B Ñ O X
B C A U D A L O S O E
R H B G A H I I G S N
E Ñ A E M Q M E T B T
D M L H E R P G V L I
S I N X E L O S G H L
T R O T A M U N D O S
B Ñ L Ñ O H M L Ñ T V

11.- Relaciona cada autor co seu retrato.



AGUSTÍN FDEZ. PAZ

ANTEOLLOS e BIGOTE

CURROS ENRÍQUEZ

ANTEOLLOS e BARBA

BIGOTE e BARBA

ÁLVARO CUNQUEIRO

ANTEOLLOS

MANUEL MARÍA




Galicia docemente
está ollando o mar:
ten vales e montañas
e terras para labrar!

Ten portos, mariñeiros,
ciudades e labregos
cargados de traballo
cargados de trafegos!

Galicia é unha nai
velliña, soñadora:
na voz da gaita rise,
na voz da gaita chora!

Galicia é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...
Pro hai outra Galicia
que vai no sentimento!

Galicia somos nós:
a xente e máis a fala
Si buscas a Galicia
en ti tes que atopala!



Manuel María: «Os soños na gaiola»



1.- De que nos fala Manuel María na 1ª parte do poema? Colorea.


Describe a Galicia.

Fala dos labregos.

Fala do mar en Galicia.

2.- Por que cres que compara a Galicia cunha nai?

3.- Que é Galicia para Manuel María? Colorea a resposta correcta.




4.- Segundo o poeta, onde tes que buscar a Galicia?


5.- Cres que Manuel María ama a Galicia? Por que o notas?

6.- Que pretende o poeta con este poema?

7.- Unha lingua é un conxunto de sons, palabras e regras que comparte un grupo de persoas. Serías quen de colorear da mesma cor cada palabra «grazas» e o país no que se di así?



8.- Completa este encrucillado co nome de cidades e vilas galegas.



HORIZONTAIS

- 1.- Vila pontevedresa famosa por ser o berce do poeta Cabanillas.
- 2.- Cidade galega con maior número de habitantes.
- 3.- A capital de Galicia.
- 4.- Non é capital de provincia. Teñen moita sona os seus asteleiros civís e militares.
- 5.- Está rodeada por unha gran muralla romana.
- 6.- O seu monumento máis nomeado é a Torre de Hércules.
- 7.- Está á beira do río Lérez.
- 8.- Por esta cidade pasa o Miño e está a fonte das Burgas.



Quixera ser muiñeiro
pra me enfoular de fariña.
¡Levaría branca a pucha,
non cobraría a maquía!

Un pobre gaiteiro eu son,
pequeniño e soñador.
¡Teño por mestre de música
ó merlo máis cantador!

Eu quixera ser ferreiro
e o ferro ardente forxar.
¡Con un martelo na man
petaría sen parar!

Quixera ser mariñeiro,
mariñeiro e pescador:
¡tería un barco veleiro
e unha dorna con motor!

Quixera ser fogueteiro
e, nas festas patronais,
¡tirar foguetes, foguetes
de estalos fenomenais...!

E se eu fose canteiro
faría un pazo sen igual:
¡o pombal había de ser
o salón máis principal!

¡Mais son un pobre gaiteiro,
mais son un gaiteiro pobre!
¡Quéimame o sol no agosto;
móllame a choiva, se chove!

Manuel María






1.- Emparella oficio, ferramenta e material relacionado.

MUIÑEIRO	MÚSICA	VELEIRO
FERREIRO	FARIÑA	MARTELO
MARIÑEIRO	PAZO	ESTALOS
FOGUETEIRO	FERRO	MAQUÍA
CANTEIRO	BARCO	MERLO
GAITEIRO	FOGUETES	POMBAL

2.- O poema nomea moitos traballos típicos galegos. Localízaos no texto e escríbeos no seu debuxo.




3.- Localiza nesta sopa de letras os oficios que quere ser o soñador.

T	M	S	M	F	C	I	U	L	D
B	U	G	Ñ	O	M	F	H	C	Z
F	I	T	S	G	A	U	C	A	V
I	Ñ	Ñ	X	U	R	D	V	N	M
F	E	R	R	E	I	R	O	T	Ñ
L	I	S	Z	T	Ñ	H	Q	E	Z
F	R	X	T	E	E	B	G	I	U
X	O	G	S	I	I	L	T	R	D
H	I	U	C	R	R	M	V	O	I
B	D	M	F	O	O	S	L	D	Q
G	A	I	T	E	I	R	O	O	Ñ

MUIÑEIRO	FERREIRO	MARIÑEIRO	FOGUETEIRO
CANTEIRO		GAITEIRO	

4.- Ordena as sílabas para atopar diferentes profesións.



RI MA ÑEI RO

TOR PIN




TRA MES

TEI CAN RO




LO TO PI

TOR ES CRI



NI CO ME CA

TAN TE CAN



5.- Fai de periodista e elabora preguntas para facerlle a un traballador e coñecer así máis da súa profesión.

1.- ?

2.- ?

3.- ?

4.- ?

5.- ?

6.- ?

6.- Lembra o poema e responde.

► Para que quere ser muiñeiro?

► Se fose ferreiro, que faría cun martelo na man?

► E se fose canteiro?

► Como é o pobre gaiteiro?



Hoxe é o lume novo,
noite de San Xoán.
¡As ledas fogueiras
acesas están...!

¡Que gusto, rapaces,
salta-las fogueiras,
dar brincos, rebrincos
e pinchacarneiras!

¡Que gusto, rapaces,
correr e saltar,
dar brincos e pulos,
volver a brincar!


¡Que gusto, que ben
salta-las fogueiras
coas chamas subindo,
medrando lixeiras!



Á mañá, o borrallo
terase apagado...
¡E sobre el despacio,
pasará o gando...!

¡Pasará o gando
tripando o borrallo
pra que non o pille
o mal do meigallo!

Manuel María: «Os soños na gaiola»



1.- Verdadeiro ou falso?

V**F**

Hoxe é o lume novo, noite de San Xoán.

☐☐

A rapazada celebra o San Roque.

☐☐

Ninguén salta as fogueiras.

☐☐

As fogueiras están apagadas.

☐☐

Os rapaces dan brincos e rebrincos.

☐☐

As chamas van medrando lentamente.

☐☐

O borrallo apagarase pola noite.

☐☐


O gando pasará lixeiro sobre o borrallo.

☐☐

O gando pasará despacio sobre o borrallo.

☐☐

2.- Resolve o encrucillado.



1.- BORRALLO 2.- FOGUEIRAS 3.- CHAMAS 4.- MEIGALLO 5.- SAN XOÁN
6.- BRINCAR 7.- CORRER 8.- NOVO 9.- APAGADO


HORIZONTAIS

- 1.- Brasa miúda.
- 2.- Cacharela, lumeirada.
- 3.- Masa gasosa que se desprende dun corpo que arde.
- 4.- Feitizo, encantamento maligno.
- 5.- Santo en honor do que se encenden as lumeiradas, as laradas, as cacharelas...
- 6.- Dar brincos, saltar.
- 7.- Andar con velocidade.
- 8.- O contrario de vello, de usado, de gastado...
- 9.- O que non está aceso.

3.- Verdadeiro ou falso? Escribe ao lado de cada un destes costumes se están relacionados co San Xoán ou non.

☐


SALTAR FOGUEIRAS

☐

DISFRAZARSE

☐

QUEIMAR UN MECO

☐


CANTAR PANXOLIÑAS

☐

QUEIMAR COUSAS VELLAS

☐

COMER CASTAÑAS

☐



MESTURAR AUGA CON FLORES

☐

COMER SARDIÑAS

☐

TALLAR CABAZAS



4.- Relaciona a comida típica de cada festividade ou celebración.

SAN XOÁN

NADAL

SAN FROILÁN

DÍA DE REIS

ENTROIDO

MAGOSTO

TURRÓN

ROSCA









POLBO

CASTAÑAS

SARDIÑAS

FILLOAS

5.- Con que obxectos se pode facer lume? Arrodea e colorea.





RECAUDADOR:

Son Recaudador
da Recaudación.
¡Encho a miña bolsa
e o meu bolsón!

Recaudo diñeiro
contante e cabal,
sexa de papel ou sexa de metal.
Quero que me pagues
todos os trabucos.
¡Comigo non valen
nen mañas nen trucos!

ESPIÑA DE TOXO:

Eu non teño diñeiro.

RECAUDADOR:

¿Non, eh...?

ESPIÑA DE TOXO:

Non.

RECAUDADOR:

¿E non tes quen cho preste?

ESPIÑA DE TOXO:

Non.

RECAUDADOR:

¿Non tes un eido, unha navalla, un den-
te de ouro, unha camisa, unha entrada
de fútbol...?

ESPIÑA DE TOXO:

Non, non teño nada.

RECAUDADOR:

¡Non é posible! Teño que cumprir coa
miña obriga e cobrarche os trabucos e
impostos ademais dos recargos.
Pero ¿non tes nada de nada? ¡Cavílao
ben!

ESPIÑA DE TOXO:

O único que teño é o marelo das miñas
flores. Agora non dispoño de nengun-
ha. Teño que agardar que chegue a
Primavera.

RECAUDADOR:

¡Que pecado! ¡Que herexía meirande!
¡O marelo das flores non vale nada!
¡Que herexía! ¡Teño que chamar polo
Crego para que esconxure a esta he-
rexe!

(Sae da escena berrando)

¡Señor Crego! ¡Señor Crego!

1.- En que consiste o traballo de recaudador?

2.- Como acabará a escena entre o recaudador e a espiña de toxo?

3.- Como reaccionará o señor crego?





4.- Que elemento natural sería para ti o señor recaudador?

5.- E o señor crego?

6.- Que é unha acotación?


7.- Para que serven os impostos?

8.- Localiza nesta sopa de letras as preguntas da parte inferior.




- 1.- Persoa que recauda os cartos.
- 2.- Onde mete os cartos?
- 3.- Os cartos poden ser de papel ou de...
- 4.- Cor da flor do toxo.
- 5.- Estación do ano na que lle saen as flores ao toxo.
- 6.- Persoa á que chama o recaudador para que esconxure á espiña de toxo.

9.- Inventa un personaxe que poida axudar a Berenguela. Descríbeo, debúxao e explica como a axudaría.

	NOME:
	COMO É?
COMO AXUDA A BERENGUELA?	

A ESPIÑA DE TOXO CHAMADA BERENGUELA

10.- Supón que a débeda demandada á espiña de toxo é de 965,37 euros. Pinta os billetes e moedas necesarios para facer efectiva a débeda.



11.- Aí vai unha de matemáticas!

Na casa de Uxío teñen que pagar os impostos municipais do lixo, da vivenda e do coche. O do lixo son 25,37 euros, o da vivenda son 230,18 euros e o do coche son 63,55 euros.

Canto terán que pagar en total? Se lle pagan cun billete de 500 euros, canto lle devolven?